

UNIDADE 6. Novas masculinidades: os homes que veñen

PROXECTO: A MASCULINIDADE NA CULTURA DE MASAS

A arte e a literatura foron durante séculos os principais transmisores de estereotipos propios da masculinidade tóxica. Na actualidade, o cine, os medios de comunicación e a publicidade son tamén responsábeis da transmisión destes estereotipos. Desta maneira afiánzase e lexitímase a idea dominante da masculinidade.

Centraremos este traballo nos anuncios publicitarios, en especial nos anuncios para televisión, onde son moi evidentes estes estereotipos. Con todo, tamén se poden escoller personaxes da literatura, dos contos populares, das películas e series de televisión, de bandas deseñadas, ou imaxes artísticas.

1. Formade grupos de entre tres e seis persoas.
2. Escollede primeiro o tipo de peza sobre o que queredes traballar: anuncio, película, obra literaria...
3. Analizade o modelo de masculinidade que transmite a peza que elixistes. Recollede nun mapa conceptual os principais elementos da masculinidade tóxica que contén. O mapa debería conter:
 - a) Principais personaxes masculinos.
 - b) Características físicas e psicolóxicas que os definen.
 - c) Actuacións propias da masculinidade tóxica que levan a cabo.
 - d) Principais personaxes femininos e papel que adoptan con respecto aos personaxes masculinos.



Zeus e Tetis, Dominique Ingres (1825). Dominio Público.

4. Planificade a vosa recreación da peza libre de estereotipos machistas. Podedes utilizar os mesmos personaxes e a mesma trama da peza orixinal, só tedes que darlle a volta desde unha perspectiva de xénero.
5. Os criterios de avaliación serán os seguintes:
 - a) Calidade da recreación da trama baixo unha perspectiva de xénero: 3 puntos
 - b) Calidade da análise de xénero contida no mapa conceptual: 3 puntos
 - c) Capacidade de traballo en equipo: 2 puntos.
 - d) Calidade técnica do mapa conceptual e da recreación, incluída a presentación e a calidade da expresión escrita, plástica ou dramática: 2 puntos.